

ORDENANZA FISCAL NUMERO T12

Taxa por prestación do servicio de teleasistencia domiciliaria.

Artigo 1º. Concepto e fundamento legal.

De conformidade co previsto no artigo 58, en relación con el artículo 20.1.B), ambos dous da Lei 39/1988, de 28 de decembro reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por prestación do servicio municipal de teleasistencia domiciliaria, que se rexirá pola presente Ordenanza.

Artigo 2º. Feito impoñible.

Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación, a solicitude do beneficiado, do servicio municipal de telasistencia domiciliaria consistente na instalación de terminal domiciliaria e a atención ós beneficiarios mobilizando os recursos esixidos para cada tipo de urxencia, con atención continuada as 24 horas do día.

Artigo 3º. Suxeito pasivo e responsables da taxa.

1. Son suxeitos pasivos da taxa regulada nesta Ordenanza, en concepto de contribuintes, as persoas físicas beneficiarias do servicio.
2. Serán responsables da debida tributaria xunto ós suxeitos pasivos ou debedores principais.
 - a) Solidariamente as persoas ás que se refieren os artíigos 38.1 y 39 da Lei Xeral Tributaria.
 - b) Subsidiariamente as persoas ás que se refire o artigo 40.1 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 3º. Base impoñible.

A base impoñible da taxa estará constituída polas cantidades que se sinalan a continuación:

- a) Por instalación do equipo : 54,97 euros, por unha sola vez.
- b) Por aluguer do equipo 30,93 euros mensuais

Artigo 4º. Cota tributaria.

1. A cota tributaria da taxa estará constituída por unha tarifa que será o resultado de aplicar á base impoñible as porcentaxes que en atención de criterios de capacidade económica do suxeito pasivo da taxa se indican na seguinte escala:

| Renda familiar mensual: | | |
|-------------------------|-----------|-------------|
| Dende Euros | Ata Euros | Porcentaxe: |
| 0 | 260,08 € | 0% |
| 260,08 | 362,26 € | 25% |
| 362,26 | 477,28 € | 50% |
| 477,28 | 604,56 € | 75% |
| Máis de 604,56 | | 100% |

2. Os efectos de aplicación da escala anterior defínese a Renda familiar mensual como o cociente entre a suma da totalidade dos ingresos dos membros conviventes da unidade familiar minorado-los gastos por aluguer de vivenda e o número de membros de tal unidade familiar, conforme á seguinte ecuación:

$$RFM = \frac{I - A}{N}$$

Ecuación na que: "RFM" é a Renda familiar mensual; "I" son os ingresos; "A" é o aluguer de vivenda; e "N" o número de membros da unidade familiar.

Artigo 5º. Dereito á percepción da taxa.

Tense dereito á percepción e nace a obriga de contribuir, dende que se inicie a prestación do servicio de teleasistencia domiciliaria.

Artigo 6º. Normas de xestión.

A débeda tributaria derivada da taxa será liquidada mensualmente pola Administración e o prazo de ingreso en voluntaria da taxa será o establecido no artigo 20.2 letras a) e b) do Regulamento Xeral de Recadación para as débedas tributarias resultantes de liquidacións practicadas pola Administración.

Artigo 7º. Obrigas e responsabilidades do usuario do servicio.

- O pago da taxa regulada por esta Ordenanza non constitúe ó suxeito pasivo en titularidade algúnhha sobre o equipo instalado.
- Sen prexuízo de canto estableza o Regulamento regulador do Servicio, e con aplicación supletoria ó mesmo, constitúense como obrigas non tributarias e responsabilidades do beneficiarios as seguintes:

- a) O usuarios será o responsable dos gastos de reparación, substitución ou mantemento dos elementos na vivenda que resulten danados como consecuencia da intervención no seu domicilio.
- b) Asímismo será da súa exclusiva responsabilidade:
 - Unha correcta utilización do equipo.
 - Cuidar e manter en condicións de bon uso o equipo.
 - Non altera-las instalacións da conexión.
 - Non ceder, gravar, nin subrogar, baixo ningún concepto o equipo instalado.

O incumprimento das obrigas sinaladas por parte dos usuarios suporá, previo informe dos Servicios Sociais municipais, a baixa como beneficiario do servicio.

Artigo 8º. Infraccións e defraudacións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 a 89 da Lei Xeral Tributaria e elo sen prexuízo das que conforme á lexislación urbanística se poidan esixir.

Disposición derradeira. Entrada en vigor e comezo de aplicación da Ordenanza.

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” e comenzará a súa aplicación o primeiro de xaneiro de dous mil oito.

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada no seu artigo 3 por acordo plenario de data 19 de xaneiro de 2009 e publicada no BOP número 29 de 5 de febreiro de 2009